

Queridas familias e comunidade educativa de Ortigueira!

O ano pasado os vosos fillos e fillas realizaron o proxecto **Xénero Educa Ortigueira - Xénero Cómic** financiado con cargos dos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e Contra a Violencia de Xénero.

Durante a realización do proxecto o alumnado traballou a igualdade e a prevención da violencia de xénero a través dunha metodoloxía innovadora, onde o obxectivo principal é que o alumnado sexa o protagonista do seu propio cambio, e como non podía ser doutra maneira, este evento será presentado polas alumnas e alumnos que participaron no proxecto.

**Data: 23 xaneiro de 2023**

**Horario: 16:30 a 17:30**

**Lugar: Auditorio IES de Ortigueira**

No evento presentaremos o traballo realizado polo alumnado, uns cómics cunha temática principal, a prevención das violencias e a promoción da igualdade de xénero, tal e como o alumando o entende; é por iso que cobra vital importancia que as persoas adultas prestemos atención á mensaxe que nos prepararon.

Por iso convidámosvos a familias, autoridades e comunidade educativa, así como aos/as verdadeiros/as protagonistas desta viaxe, a compartir este evento e así dar o valor que se merece ao traballo do alumnado de 3º ESO do IES de Ortigueira do curso 2021/2022.

Estes cómics quedan a disposición do centro educativo para que se poida utilizar como recurso didáctico para traballar a violencia de xénero e a promoción da igualdade de xénero.

Para o equipo que forma Xéneroeduca foi un verdadeiro pracer compartir cos vosos fillos e fillas este proxecto, xa que cremos firmemente que teñen as ferramentas para solucionar o que a poboación adulta non estamos a saber solucionar.

Agradecendo en todo momento o traballo do Concello de Ortigueira así como o de toda a comunidade educativa do IES de Ortigueira.



" Financiado con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a violencia de xénero"